

CAMBIO ESTRUCTURAL E EFICIENCIA PRODUCTIVA DA ECONOMÍA GALEGA

JOSÉ MARÍA MELLA MÁRQUEZ¹

Departamento de Estructura Económica e Economía do Desenvolvemento
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade Autónoma de Madrid

Recibido: 20 xuño 2000

Aceptado: 14 setembro 2000

Resumo: O artigo fórmulase analiza-lo cambio estrutural da economía galega acontecido nos tres últimos lustros, aprecia-los seus efectos sobre a eficiencia productiva e valora-los factores claves do crecemento económico de Galicia. Conclúese que os cativos avances experimentados na produtividade afunden as súas raíces na pobre dotación de activos intanxibles da rexión. Polo tanto, a intensificación dos stocks de capital humano e tecnolóxico é fundamental para eleva-la capacidade e maila eficiencia productiva da economía galega.

Palabras clave: Cambio estrutural / Eficiencia productiva / Especializacións sectoriais / Productividade do traballo / Productividade total dos factores.

STRUCTURAL CHANGE AND PRODUCTION EFFICIENCY IN GALICIAN ECONOMY

Summary: This paper aims at analysing the structural change that has taken place in Galician Economy in the last three centuries, studying its effects on production efficiency and assessing the key factors of economic growth in Galicia. It has been concluded that the scarce advances in productivity are due to the limited allocation of intangible assets in the region. Therefore, the intensification of stocks of human and technological capital is vital to increase production capacity and efficiency in Galician economy.

Keywords: Structural change / Production efficiency / Sectorial specialisation / Work productivity / Factor total productivity.

1. INTRODUCCIÓN

As fondas transformacións sectoriais experimentadas pola economía galega non impediron que sigan persistindo –de maneira clara e tenaz– as relativamente reducidas taxas de crecemento, as importantes diferencias aínda existentes en materia de PIB per cápita coas medias de España e a UE, e as insuficiencias de carácter estrutural que lastran fundamente a capacidade da economía galega para se situar nos niveis de prosperidade e modernización propios das sociedades avanzadas neste limiar do século XXI.

O enfoque seguido neste traballo –desde unha perspectiva de longo prazo– analiza os cambios da economía galega durante o período 1985-1999: desde practicamente o momento mesmo da adhesión de España á CE ata a máis recente actuali-

¹ Agradézolles a María Asunción López López e a Ana Isabel Vallejo a axuda que me prestaron na elaboración das táboas e das gráficas utilizadas neste traballo. A responsabilidade deste é, sen embargo, completamente do seu autor.

dade para a que existen datos dispoñibles. En primeiro lugar, trátase a economía rexional no contexto máis amplo das economías española e europea; en segundo lugar, examínanse as modificacións da estrutura productiva, as súas especializacións e as taxas de crecemento observadas durante o devandito período; e en terceiro lugar, concéntrase a atención na eficiencia productiva rexional, para identificar cuál foi o comportamento dos diversos sectores en termos de evolución da produción, o emprego e a produtividade tanto do factor traballo como total. O traballo péchase cunhas breves consideracións sobre as principais conclusións obtidas ó longo del e que tratan de pór de manifesto ónde poden estar as claves do futuro da economía galega.

2. CAPACIDADE PRODUCTIVA E NIVEL DE RENDA

A economía galega é unha típica rexión obxectivo 1 da Unión Europea, debido a que o seu PIB per cápita se sitúa por baixo do 75% da renda media comunitaria (táboa 1). A pesar da mellora experimentada por ese indicador, desde a entrada de España á CE en 1986, este mantense aínda en rexistros moi baixos, superando a penas os dous tercios do PIB per cápita medio comunitario. Este feito mostra as indubidables dificultades coas que se atopa a rexión para supera-la situación de atraso, sobre todo tendo en conta as favorables condicións de crecemento económico que se sucederon no período analizado en España e que –con toda elocuencia– delatan os tímidos avances das cifras galegas do PIB per cápita respecto da media española. Certamente, como se dixo en múltiples ocasións, Galicia atópase entangarañada por estruturas e obstáculos non só económicos senón tamén sociais, políticos e culturais, que están lastrando as súas posibilidades de desenvolvemento e que cómpre diagnosticar para deseña-las liñas mestras que debe pór en práctica para supera-lo seu atraso secular.

Sen embargo, a rexión goza dunha renda familiar bruta dispoñible per cápita máis elevada –respecto da media española– cá que o correspondente porcentaxe en termos de PIB per cápita suxire (por brevidade e por ser este feito ben coñecido, evitamos expoñe-las cifras correspondentes á renda dispoñible). Isto é, as capacidades de consumo e de investimento da rexión son superiores ás que o seu PIB per cápita lle permitiría obter debido precisamente á existencia de transferencias redistributivas de renda –pola vía do sector público– que dotan á rexión duns maiores niveis de ingresos cós estrictamente derivados da propia actividade productiva rexional. Ingresos, ademais, tamén maiorados polo feito dun máis elevado poder de compra na rexión ca en España, dados os seus menores índices de prezos ó consumo. Noutras palabras, Galicia, como sucede noutras rexións atrasadas españolas, sofre unha importante desvantaxe en materia de capacidade productiva, que é corrixida ulteriormente pola asistencia das administracións públicas, co fin de mello-ra-las condicións de vida da poboación. Agora ben, de se teren en conta as actuais

condicións de restricción e consolidación orzamentaria pola pertenza de España á Unión Económica e Monetaria –así como a próxima adhesión dos países do centro e do leste de Europa con peores rexistros de PIB cá nosa rexión–, non é posible nin procedente manter no futuro un escenario baseado en importantes axudas financeiras vidas de fontes alleas. Todo o contrario, o máis sensato será elaborar unha estratexia que permita lograr cada vez maiores niveis de renda e benestar a partir de fontes propias de creación de riqueza.

Táboa 1.- PIB per cápita, produtividade e taxas de actividade, ocupación e paro. Media nacional = 100

ANOS	GALICIA (1)	ESPAÑA	PIB PER CÁPITA	PRODUCT. FACT. TRAB.	TAXA DE ACTIVIDADE	TAXA DE OCUPACIÓN	TAXA DE PARO
1999	71,19	83,14	83,39	78,43	101,19	104,01	83,18
1998	70,06	81,45	83,52	78,16	101,00	104,28	82,63
1997	68,87	80,05	83,55	78,97	101,24	103,58	88,90
1996	68,22	79,46	83,40	78,54	100,77	104,28	84,93
1995	67,75	79,17	83,13	77,36	101,27	105,97	81,33
1994	67,51	79,63	83,99	75,61	103,10	109,06	78,82
1993	68,08	80,93	83,96	75,62	104,03	108,32	82,03
1992	66,25	80,06	82,64	75,76	104,46	108,42	84,99
1991	67,46	80,84	83,24	74,43	105,00	110,63	74,83
1990	66,53	80,03	83,18	73,36	107,14	112,13	75,23
1989	65,84	79,72	82,64	71,67	107,32	112,27	75,40
1988	64,42	78,62	81,94	70,32	108,25	114,14	72,47
1987	62,93	77,53	81,09	68,54	109,64	115,33	71,12
1986	61,64	74,94	81,49	67,72	110,83	116,64	63,22
1985	60,38	74,21	81,08	66,32	112,14	119,34	71,31

(1) Índice de Eurostat axustado coa inclusión de Alemaña do Leste e corrixido cos datos da serie enlazada (FUNCAS). Sendo a media europea = 100, axustada segundo o poder de compra.

FONTES: Elaboración propia a partir de FUNCAS e de Alcaide e Alcaide (2000).

Desde o punto de vista da capacidade productiva, cómpre ter en conta que o nivel de PIB per cápita –e a súa taxa de crecemento, que logo veremos– está determinada pola produtividade aparente do factor traballo, a taxa de actividade, a taxa de ocupación e a taxa de paro². Á altura de 1999, a diferenza respecto á media española no nivel de PIB per cápita é de 17 puntos porcentuais, mentres que a correspondente á produtividade aínda é maior (22 puntos), presentando as taxas de actividade, ocupación e paro mellores resultados en Galicia ca en España pero non por iso menos preocupantes, dado que as dúas primeiras son cada vez menores e a última cada vez maior en comparación coa media española.

De feito (gráfica 1), a fortísima caída da taxa de actividade agraria galega


² A taxa de actividade calculouse como cociente entre a poboación activa (PA) e a poboación de 16 a 64 anos; a taxa de paro (TD) calculouse como cociente entre o número de desempregados (DES) e a poboación activa (PA); a taxa de ocupación calculouse como o cociente entre o número de ocupados (E) e a poboación total (PO).


$$\begin{aligned} \text{PIB/PO} &= (\text{PIB/E}) \times (\text{E/PO}) = (\text{PIB/E}) \times (\text{E/PA}) \times (\text{PA/PO}) \\ \text{PA} &= \text{E} + \text{DES}, \text{ dividindo por PA}, 1 = \text{E/PA} + \text{DES/PA}, \end{aligned}$$

de onde $1 - \text{E/PA} = \text{TD}$, logo $\text{PIB/PO} = (\text{PIB/E}) \times (1 - \text{TD}) \times (\text{PA/PO})$.

—moito maior, por razóns obvias, á do descenso da española— non compensada polo aumento da correspondente á dos sectores da industria, a construción e os servicios, fai que a taxa de actividade global se reduza e en maior proporción cá de España. Tendo conta, ademais, que as taxas de actividade dos sectores extra-agrarios experimentan un incremento relativo considerable, o descenso da taxa de actividade total non fai senón pór de manifesto o papel determinante do sector agrario nesa redución da actividade.

Gráfica 1.- Evolución de activos e ocupados en Galicia e España



Gráfica 1 (continuación).- Evolución de activos e ocupados en Galicia e España

Así mesmo, a diminución da ocupación agraria galega, non compensada polas melloras de emprego dos restantes sectores que –agás na industria– son inferiores á española, non permite mellorar o balance global da taxa de ocupación en Galicia, o que finalmente afecta de xeito negativo á taxa de paro. Cómpre, pois, que de seguido analicemos cómo están influíndo estas transformacións estruturais sobre a evolución da economía galega e as súas posibilidades de crecemento.

3. ESTRUCTURA PRODUCTIVA, ESPECIALIZACIÓNS SECTORIAIS E CRECIMENTO ECONÓMICO DE GALICIA

Certamente, sen crecemento económico non hai solución posible ó problema da converxencia en niveis de benestar con España e coa Unión Europea. Agora ben, o problema é complexo, e non se trata só dunha cuestión de crecemento senón da súa composición sectorial, que é o que agora interesa salientar aquí. Por iso, resultan pertinentes as preguntas ¿cales foron as transformacións estruturais básicas da economía galega na última década e media? E, dadas as transformacións acontecidas, ¿foron na dirección máis adecuada dos requirimentos dunha economía moderna, aberta e competitiva?

As cifras da táboa 2 son ilustrativas a este respecto:

- A agricultura segue desempeñando un papel de primeira orde na economía galega, como mostra o incremento da especialización relativa no tempo transcorrido entre 1985 e 1999, aínda que perdendo peso na estrutura productiva rexional.

- A industria sofre unha nada subestimable perda de importancia no conxunto da estrutura productiva, aínda que acompañada dunha lixeira mellora –sen maior significación– na súa especialización relativa no conxunto de España ó aumentar moi levemente o seu índice correspondente.
- A construción incrementa o seu peso na estrutura productiva, aínda que non na súa especialización como sector dinamizador da economía rexional.
- Os servicios protagonizan, en detrimento da agricultura sobre todo e tamén da industria, a maior transformación sectorial sucedida nos últimos tres lustros. Indubidablemente a economía galega, en consonancia coa española e coas restantes do mundo occidental, segue a tendencia cara a un crecente proceso de terciarización, aínda que o nivel acadado e o seu grao de especialización son notablemente inferiores.

Táboa 2.- Estructura, índices de especialización e taxas de crecemento do PIB

GALICIA									
SECTORES	ESTRUCTURA		ÍNDICES ESPECIALIZ.		TAXAS DE CRECEMENTO				ACHEGAS Ó CRECEM.
	1985	1999	1985	1999	1985/89	1989/93	1993/99	1985/99	1985/99
Agricultura	11,63	8,91	1,84	1,92	2,45	1,12	0,10	1,10	3,89
Industria	25,20	20,29	0,91	0,96	5,08	-0,26	3,55	3,18	23,03
Construc.	8,51	9,92	1,28	1,18	8,21	1,35	3,85	5,17	12,14
Servicios	54,66	60,88	0,92	0,92	6,30	1,34	2,88	3,91	60,94
Total	100,00	100,00			5,68	0,92	2,81	3,48	100,00
GALICIA									
SECTORES	ESTRUCTURA		ÍNDICES ESPECIALIZ.		TAXAS DE CRECEMENTO				ACHEGAS Ó CRECEM.
	1985	1999	1985	1999	1985/89	1989/93	1993/99	1985/99	1985/99
Agricultura	6,33	4,63			2,57	2,8	1,57	2,44	4,00
Industria	27,81	21,05			5,15	-0,71	3,73	3,10	21,07
Construc.	6,66	8,41			9,65	0,86	5,35	6,38	9,98
Servicios	59,2	65,91			6,67	1,34	3,77	4,55	64,95
Total	100,00	100,00			6,16	0,84	3,73	4,12	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir de España.

A transcendencia destas alteracións vai bastante máis alá do simple feito cuantitativo, pois afecta ás formas en que está reaccionando a economía galega ante o novo contorno internacional.

De feito, a expansión do sector terciario galego –aínda que menos intensa cá española³– é o resultado dun fenómeno novo do maior interese: unha boa parte da produción galega de servicios xa non se dirixe tanto coma antes cara ós consumidores finais, senón que o fai, cada vez en maior medida, cara ós consumos intermedios da economía (García González-Llanos, 1996).

Os servicios están a desempeñar progresivamente un maior papel estratéxico clave no desenvolvemento rexional, na medida en que o conxunto da economía

³ O sector terciario galego medrou –durante o período 1985/1999 en termos de VEB ó custo dos factores e en pesetas constantes– un 54,72% , mentres que o español o fixo, aínda partindo de niveis relativos maiores, nun 63,65%.

depende dunha eficiente oferta de actividades terciarias para incrementa-la produtividade e a calidade dos bens producidos. Noutras palabras, a terciarización é debida –cando menos en parte– ós procesos de externalización e subcontratación realizados pola industria, que aínda –insistimos– non acadaron os niveis medios españois e que, en consecuencia, teñen ante si un camiño por percorrer ata verse equiparados.

O modelo de produción rexional segue –xa se dixo– as pautas de desenvolvemento das economías occidentais máis avanzadas, mediante a expansión das actividades terciarias e a diminución da importancia relativa dos sectores primario e secundario. Sen embargo, cómpre non esquecer que, a pesar dos indubidables efectos inducidos polas actividades terciarias, a maior capacidade transformadora da industria fai que esta siga sendo fundamental no esquema de interdependencias sectoriais dunha economía. De aí que conveña advertir que Galicia –cun sector industrial cun peso na súa estrutura productiva inferior aínda ó correspondente español– non debe deixar de lado unha tarefa prioritaria na súa axenda de política económica, relativa á potenciación dunha base industrial competitiva, anovada e moderna en congruencia coas tendencias internacionais da demanda.

A caída do peso das actividades agrarias na formación do produto rexional mostra a constante perda de vixencia doutra das características máis tradicionais da economía galega: a estreita relación do seu aparato productivo coa súa base primaria e natural, como consecuencia dunha tendencia xeral ó estancamento. Outras razóns son a contracción da produción final agraria debido á deterioración na dinámica das producións gandeiras (López Iglesias, 1996), o mantemento do raquitismo territorial das explotacións e a súa elevada fragmentación parcelaria ou os reducidos niveis relativos de eficiencia, aínda que non debemos subestimala fonda reestructuración, actualmente en curso, que está a conforma-la agricultura galega do futuro. Referímonos, en xeral, ó impulso recibido pola especialización bovina a prol das explotacións de tamaño medio e grande, ó aumento da produtividade aparente do factor traballo, aínda dentro da súa parquidade, e á mellor asignación dos recursos humanos de carácter familiar (Colino, 1996).

A evolución do sector da construción –no que a pesar da súa forte inestabilidade a especialización relativa rexional non deixa lugar a dúbidas– mostra que o insuficiente desenvolvemento industrial galego se ve compensado por unha maior presenza da actividade constructora, que desenvolve –en non poucos casos, polo demais xa ben coñecidos en Galicia desde hai tempo– unha función de abeiro da man de obra agrícola excedentaria, cando non unha actividade remuneradora e complementaria da agricultura a tempo parcial. A variabilidade do comportamento sectorial –durante este período– estivo marcada pola compoñente pública da demanda, que ten en Galicia un maior peso relativo cás vivendas e as obras de edificación (Vilas,1996). As necesidades insatisfeitas de capital público –neste ámbito–

deixan unha ampla marxe potencial de crecemento a este sector na rexión, tanto máis necesario canto está ben contrastado o seu impacto favorable sobre a elevación da produtividade total dos factores (De la Fuente, 1996).

Por outra banda, a comparación da evolución do PIB en Galicia e España permite apreciar varios trazos de interese:

- Primeiro: a taxa media de crecemento interanual da primeira foi –agás no subperíodo de recesión 1989/1993– inferior á da segunda, e mostra que a economía galega ó tempo que amortece os golpes da crise non saca suficiente proveito dos momentos de recuperación da economía española para reduci-la distancia que aínda a separa dela en termos de niveis de desenvolvemento económico.
- Segundo: a forte variabilidade evolutiva experimentada polo sector primario galego, característica esta que comparte con España no sector da construción. No primeiro caso, sobre todo durante toda a década pasada, a explicación atópase na atonía productiva agraria á que cómpre engadi-las dificultades e incertezas no acceso a algúns caladoiros pesqueiros. No segundo caso, as decisións de orde política afectan notablemente ó desenvolvemento da obra pública e, xa que logo, ó conxunto do sector.
- Terceiro: o perfil do ciclo económico galego do VEB non primario presenta unhas pautas de conducta semellantes ó español (Meixide e Pousa, 1999).
- Cuarto: debe matizarse que, a pesar da relativa importancia do peso do sector primario en Galicia, a súa achega ó crecemento do PIB é reducida e son os restantes sectores –sobre todo o terciario– os verdadeiros protagonistas dese crecemento.
- Quinto: por último, non hai dúbida de que son os sectores da industria e dos servizos os que mellor poden capitaliza-los impulsos favorables nacionais e internacionais da demanda, máis alá do carácter máis inestable e volátil dos sectores agrario e da construción.

4. ANÁLISE DA EFICIENCIA PRODUCTIVA

Os retos da competitividade, ós que as economías están sometidas na actualidade, atopan unha forte panca de impulso no estímulo da eficiencia dos procesos productivos. Unha cuestión importante é preguntarse cáles son os factores máis significativos á hora de valora-la capacidade competitiva ou o grao de eficiencia dunha economía rexional, tendo en conta neste caso como punto de referencia a evolución da produtividade. Antes de procedermos a esa análise, vexamos, primeiro, a evolución das especializacións e os diferentes efectos a partir dunha análise “*shift-share*” e, logo, o seu comportamento tomando en consideración o cambio na produción, o emprego e a produtividade.

4.1. EFECTOS DIFERENCIAL E ESTRUCTURAL DAS ESPECIALIZACIÓNS PRODUCTIVAS

As especializacións productivas galegas durante o período 1985-1993 experimentan algunhas modificacións de interese que cómpre ter en conta (gráfica 2):

- O sector primario galego, aínda que segue mantendo as súas anteriores especializacións sectoriais (medidas polos seus cocientes de localización) correspondentes á agricultura (1,36) e á pesca marítima (7,28), viu perder un considerable peso tanto en termos de produción coma de emprego destas actividades na estrutura productiva rexional.
- O sector secundario mantén tamén as súas especializacións nas ramas enerxéticas (1,41), minerais e metais (1,03), minerais e produtos non-metálicos (1,25), material de transporte (1,61), madeira, cortiza e mobles (1,43), e construción (1,26); aínda que deben rexistrarse, por un lado, retrocesos significativos tanto en comparación coa economía española coma coa economía galega nas ramas de minerais e metais, en material de transporte e, por outro lado, avances nos de minerais e produtos non-metálicos, sen esquecer-las importantes ganancias de especialización en alimentación, bebidas e tabaco habidas durante o período analizado.
- O sector terciario, a pesar de non mostrar salientables especializacións, evidencia unha certa importancia nos servicios de recuperación e reparacións, comercio, transporte e comunicacións, e servicios públicos. Paga a pena advertir que –entre os servicios destinados á venda– cobraron unha considerable importancia os relativos ó comercio, á hostalería e semellantes, ó crédito e ós seguros, e –entre os servicios non destinados á venda– adquiriron un notorio protagonismo os de carácter público.


Os resultados da análise “*shift-share*”, aplicados ós datos da produción sectorial a prezos constantes de 1986 para examinalo comportamento das actividades productivas galegas durante o período 1985-1993, permiten establecer unha tipoloxía de catro grandes grupos ou “*clusters*” de actividades (gráfica 2):

- Un primeiro grupo constituído por un núcleo de actividades que se están mostrando relativamente dinámicas, asociadas ós servicios públicos e que tira –en certa medida– doutras como a construción, a ensinanza, a sanidade, aínda que nestes dous últimos casos se observen certas desvantaxes locacionais.
- Un segundo grupo de actividades, non só máis dinámicas senón tamén con maiores vantaxes comparativas para o seu desenvolvemento na rexión, é o formado pola hostalería e semellantes, de baixa –aínda que crecente– especialización que mostra as oportunidades aínda insuficientemente explotadas do sector turístico en

Galicia. Neste sentido, non debe deixar de chama-la atención a desvantaxe diferencial que exhiben o comercio e outros servizos destinados á venda.

- Un terceiro grupo, articulado arredor dos sectores primarios e de alimentación (que configuran os “clusters” agroalimentario, pedras ornamentais e madeireiro), presenta fortes especializacións na rexión e vantaxes comparativas importantes para o seu desenvolvemento nela, pero carece do suficiente dinamismo. Nunha situación oposta atópase o sector enerxético, que mostra un sensible dinamismo, pero sen capacidade de aproveitamento das vantaxes locacionais.
- Un cuarto grupo é o formado por dous sectores (minerais e metais, por un lado, e o material de transporte, por outro), que rexistra acusadas tendencias cara ó declive, postas claramente de manifesto non só nas súas perdas de especialización relativa senón tamén en notables desvantaxes comparativas e nunha clara falta de dinamismo cando non dun patente estancamento –sobre todo no primeiro deles–.

Gráfica 2.- Efectos da análise *shift-share*



Cómpre chama-la atención sobre o sector de material de transporte polo custo de oportunidade que supón o seu declive: a súa importancia productiva na economía rexional, en especial, e a súa capacidade para xerar efectos tecnolóxicos externos –pola vía das empresas auxiliares– cara ó resto do tecido productivo non pode

deixar de facer senti-los seus efectos –se a situación non se remedia– no desenvolvemento industrial futuro da rexión.

Resulta tamén preocupante o comportamento das dúas restantes actividades deste grupo, pertencentes ó sector terciario, que son as correspondentes ós servizos de recuperación e reparacións, e transportes e comunicacións. Preocupante polo seu enorme papel nunha economía moderna terciarizada e, moi particularmente, se esta aspira a potencia-la súa oferta turística, como é o caso de Galicia. Certamente, non é posible imaxinar unha actividade turística eficiente e de calidade sen servizos de transporte e comunicación competitivos e á altura das elevadas esixencias dos mercados actuais.

En síntese, tres son os trazos básicos que caracterizan os diferentes grupos de actividade da economía galega: primeiro, unha deficiente integración vertical e unha falta de explotación dos ciclos productivos cara ós segmentos con maior capacidade de xeración de valor engadido (concretamente naquelas actividades vinculadas ós sectores primarios, enerxéticos e de minerais non-metálicos); segundo, a necesidade de racionalización, innovación e diversificación das actividades relativas ós sectores maduros das ramas metálica e de materiais de transporte; e terceiro, o fortalecemento da calidade da oferta dos servizos públicos, xunto coa decidida potenciación dos diversos servizos destinados á venda (en particular, aqueles relacionados co desenvolvemento turístico e cos demandados polas empresas) sen os cales non é posible consolidar unha economía moderna.

5. CAMBIOS NA PRODUCCIÓN, O EMPREGO E A PRODUCTIVIDADE

A anterior tipoloxía por ramas, realizada a través dunha análise “*shift-share*”, é susceptible de ser matizada por medio dun estudio da evolución da produción, a ocupación e a produtividade de cada un dos sectores productivos galegos, isto é, trátase agora de tomar en conta o ritmo de avance da eficiencia para efectuar unha valoración da capacidade competitiva de cada sector.

A gráfica 3, representada en abscisas polo incremento observado no nivel de emprego e en ordenadas polo incremento da produción (ámbolos dous durante o período 1985-1993), mostra que:

- a) O anterior primeiro grupo ou “*cluster*” –no que o sector público desenvolve un papel primordial– ten un relativo bo comportamento na medida en que logra conseguir aumentos de produción superiores ós de ocupación, pero insuficiente dadas as súas limitadas ganancias de eficiencia en tanto que as melloras de produtividade son en tódolos casos inferiores á media rexional.
- b) O segundo grupo ou potencial “*cluster*” turístico presenta mellores resultados relativos, dado que os crecementos de produción e emprego van acompañados

Gráfica 3.- Evolución do valor engadido e do emprego

VEB°

Energía e auga (22,16) Alugueiro de inmobles (28,4)		Construcción (17,26) Servicios comerciais (19,65) Hostalería (23,74) Crédito e seguros (21,37) Ensinanza e sanidade (17,18) Outros servicios destinados á venda (17,75) Servicio doméstico (17,29) Servicios públicos (15,54)	
Agricultura (20,20) Minerais non-metálicos (18,59) Madeira e mobles (13,94)	Material de transp. (9,63) Téxtil e confecc. (9,5) Caucho e plásticos (10,14) Recuper. e reparac. (-17,6)	Pesca (12,94) Química (12,94) Productos metálicos e maquinaria (10,20) Alimentación (16,25) Papel e artes gráficas (12,29) Transportes e comunicacións (15,02)	E°
Minerais e metais (3,37)	-1,25		

por incrementos de produtividade superiores ó incremento medio do conxunto da economía.

- c) O terceiro grupo ou “*cluster*” baseado en bens procedentes do sector primario presenta un dobre perfil: por un lado, observamos sectores (agricultura e enerxía) con procesos destructores de emprego, pero con progresivas ganancias de eficiencia polos seus maiores crecementos de produtividade e, por outro, atopamos sectores (madeira e minerais non-metálicos) que, aínda perdendo emprego, ou mesmo gañándoo (pesca), os seus incrementos de produción son insuficientes para atinxir melloras significativas de produtividade.
- d) O cuarto grupo ou “*cluster*” de sectores en reestruturación –corroborando os xa mencionados trazos estruturais e locacionais desfavorables– presenta rexistros de produción, ocupación e produtividade certamente pobres, que son a mellor mostra de que as reconversións sectoriais acometidas no pasado non foron aproveitadas para ampliar cotas de mercado e mellora-los niveis de eficiencia productiva. Algo semellante, aínda que non en tan grave medida, sucedeu

cos outros dous sectores pertencentes a este grupo (recuperación e reparacións, transportes e comunicacións).

e) En definitiva, existen fortalezas/oportunidades na estrutura productiva galega, pero tamén serias debilidades/ameazas que cómpre subliñar. En efecto, entre as primeiras, podemos sinalar que:

- O sector público está desempeñando un papel nada menosprezable que aínda debe mellorar no que atinxe á calidade dos servizos prestados.
- Existe unha base certa para o desenvolvemento dunha próspera actividade turística. Sen embargo, bótase en falta un maior dinamismo dos transportes e das comunicacións, a recuperación e as reparacións, e sobre todo doutros servizos destinados á venda.

Por outra banda, entre as segundas destacamos que:

- Non acaba de forxarse un eficiente sector agroalimentario e transformador de bens primarios, que Galicia tanto necesita dadas as súas coñecidas especializacións nel. Nin na alimentación –a pesar de certos avances–, nin nos derivados da madeira, nin no aproveitamento *in situ* dos minerais non-metálicos, nin tampouco na pesca, nin na utilización da riqueza enerxética se observan cambios notables nun sentido máis integrador das distintas actividades.
- Aínda se pode falar en Galicia dunha reconversión inacabada en importantes ramas manufactureiras (material de transporte e metalurxia), que esixe renovados esforzos de procura de maiores niveis de innovación, creación de novas actividades e activa presenza nos mercados.

5.1. ANÁLISE DA PRODUCTIVIDADE

É evidente que o estudo do nivel de eficiencia da economía galega remite de inmediato ó afondamento nos niveis de productividade (e na súa evolución) e, polo tanto, de competitividade, que é o que a continuación imos facer tendo en conta unha maior actualización dos datos aínda que para iso necesitemos un nivel de agregación sectorial máis elevado.

De feito, desde o punto de vista da productividade aparente do factor traballo (táboa 3), cabe afirmar que:

- Primeiro, o nivel de productividade de Galicia é aínda á altura de 1999 un 22% inferior á productividade media española, aínda que debe precisarse que ese desnivel se debe fundamentalmente á baixísima productividade agrícola (53,13% da española) e –aínda que en moita menor medida– dos servizos (84,62), xa que as correspondentes ós sectores industrial (92,28) e da construción (91,39) presentan mellores rexistros relativos.

Táboa 3.- Evolución da produtividade

	GALICIA				ESPAÑA			
	PRODUCTIVIDADE				PRODUCTIVIDADE			
	1985	1989	1993	1999	1985	1989	1993	1999
Agricultura	535.381	732.507	1.037.735	1.270.792	1.093.337	1.459.135	2.048.546	2.391.626
Industria	2.930.124	3.461.754	3.653.230	4.133.387	3.026.200	3.598.456	3.834.106	4.479.021
Construc.	1.964.224	2.221.965	2.330.092	2.587.321	2.181.267	2.424.120	2.575.376	2.831.037
Servicios	2.691.670	2.893.781	2.908.582	2.830.876	3.134.982	3.333.834	3.332.088	3.345.523
Total	1.785.950	2.205.206	2.475.382	2.697.895	2.692.892	3.076.500	3.241.426	3.440.002
	EVOLUCIÓN DA PRODUCTIVIDADE				EVOLUCIÓN DA PRODUCTIVIDADE			
	1985/1989	1989/1993	1993/1999	1985/1999	1985/1989	1989/1993	1993/1999	1985/1999
Agricultura	9,20	10,42	3,74	9,81	8,36	10,10	2,79	8,48
Industria	4,54	1,38	2,19	2,93	4,73	1,64	2,80	3,43
Construc.	3,28	1,22	1,84	2,27	2,78	1,56	1,65	2,13
Servicios	1,88	0,13	-0,45	0,37	1,59	-0,01	0,07	0,48
Total	5,87	3,06	1,50	3,65	3,56	1,34	1,02	1,98
	NIVEL DE PRODUCTIVIDADE				NIVEL DE PRODUCTIVIDADE			
	1985	1989	1993	1999	1985	1989	1993	1999
Agricultura	29,98	33,22	41,92	47,10	40,60	47,43	63,20	69,52
Industria	164,07	156,98	147,58	153,21	112,38	116,97	118,28	130,20
Construc.	109,98	100,76	94,13	95,90	81,00	78,79	79,45	82,30
Servicios	150,71	131,22	117,50	104,93	116,42	108,36	102,80	97,25
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

- Segundo, durante o período estudado (1985-1999), sen embargo, a produtividade en Galicia aumentou a unha taxa media anual (3,65%) superior á española (1,98%), debido fundamentalmente ós continuos avances habidos sobre todo na agricultura, e tamén na industria e na construción (agás durante a recesión de 1989-1993). Os progresos da produtividade nos servicios son, aínda así, ben reducidos.
- Terceiro, non debe pasar desapercibido que as taxas de crecemento da produtividade en Galicia mostran unha tendencia decrecente e converxente coa española que xa comezara a decrecer con anterioridade. Este fenómeno de retardo no ritmo de crecemento da produtividade do traballo experimentado pola práctica totalidade das economías occidentais desenvolvidas, coñecido como “*slowdown*” da produtividade, parece ter chegado tamén a Galicia sobre todo a partir do ano 1991.
- Cuarto, en realidade a aproximación da produtividade galega á española ten como protagonista principal e único o sector agrario, pois os aumentos de produtividade dos restantes sectores foron inferiores en Galicia ca en España. Este feito, sen dúbida, cómpre subliñalo, pois –sempre en comparación coa media española– as productividades da industria e dos servicios retrocederon respecto dos valores iniciais correspondentes ó ano 1985. Velaí algo que debe ser tido moi en conta, dada a importancia estratéxica –polos seus maiores niveis relativos de produtividade– de ámbolos dous sectores no crecemento do produto *per cápita* e na dinamización do conxunto do sistema productivo.

- Quinto, ese maior crecemento da produtividade agraria ten a súa orixe fundamental –dado o modesto crecemento da produción– nunha forte perda de emprego.
- Sexto, resulta de grande interese coñecer cál é o efecto –nos avances rexistrados na produtividade– tanto da evolución da propia produtividade coma dos cambios acontecidos na estrutura productiva. Con esa finalidade procedemos a aplica-lo método de descomposición da produtividade de Syrquin⁴, en virtude do cal se pode obter o cambio na produtividade como suma dos cambios nas produtividades sectoriais (efecto produtividade) e dos desprazamentos intersectoriais dos recursos (efecto asignativo). Pois ben, os resultados obtidos (táboa 4) permiten afirmar que na totalidade do período analizado (1985-1999) non só o incremento da produtividade de Galicia foi moito maior (51,06%) có de España (27,74%), o que xa se salientara máis arriba, como mostra da converxencia habida entre unha e outra, senón tamén que esas ganancias de produtividade foron logradas de maneira completamente diferente nun e noutro caso: en Galicia con fortes desprazamentos de man de obra cara ós sectores non-agrarios máis produtivos (o efectivo asignativo acada un 41,74% do efecto total fronte a un reducido 11,64% correspondente a España), aínda que o efecto produtividade tamén foi considerable (58,26%) pero significativamente inferior ó español (88,36%). Así mesmo, pode apreciarse que ese efecto asignativo se manifestou con maior forza tanto durante o subperíodo de recesión (1989-93) coma no de recuperación (1993-99), o que indica que a economía galega está experimentando un cambio estrutural importante nos últimos tempos.

Sen embargo, a análise da produtividade non se esgota co estudio da produtividade aparente do factor traballo. Pola contra, o aumento na produción pode deberse tamén a unha maior participación dos factores traballo e capital ou ó progreso técnico. De aí que conveña saber, na medida do posible, cál foi a contribución relativa de cada un deles. O procedemento máis comunmente utilizado nos estudos de contabilidade do crecemento é o proposto por Solow⁵, que definiu a taxa

⁴ Syrquin descompón o crecemento da produtividade (y) do seguinte modo:

$$y = Y/L * Li/L = y t,$$

onde Y representa a produción ou valor agregado bruto, L o emprego e i os sectores produtivos. Derivando a expresión anterior, temos que $y = yt + ty$, onde t e y representan, respectivamente, os valores medios de t e y entre o ano inicial e o final de cada período. O primeiro sumando é o efecto produtividade e o segundo o efecto asignativo. Véxase Syrquin (1984).

⁵ Partindo dunha función de produción de Cobb-Douglas con dous factores produtivos (capital e traballo), cunha tecnoloxía de rendementos constantes e neutral no sentido de Hicks, pódese demostrar facilmente que $Y = aK + (1-a)L + T$. Esta expresión permite ver o crecemento da produción (Y) en función do cambio no uso dos factores produtivos, ponderado polas súas respectivas participacións no valor do produto, e nun residuo non explicado que é o progreso técnico (o chamado “residuo de Solow”) representativo da mellora na utilización conxunta do traballo e do capital aplicados ó proceso productivo ou produtividade total dos factores.

de variación da produtividade total dos factores (PTF) como a taxa de crecemento do *output* que non pode ser explicada polo crecemento dos factores traballo e capital convenientemente ponderados.

Táboa 4.- Orixe do crecemento da produtividade

	GALICIA				ESPAÑA			
	1985/89	1989/93	1993/99	1985/99	1985/89	1989/93	1993/99	1985/99
Efecto product.	256.050	138.297	116.932	531.379	316.682	132.367	195.771	660.009
%	14,34	6,27	4,72	29,75	11,76	4,3	6,04	24,51
Efecto asignat.	163.206	131.882	105.579	380.566	66.926	32.559	2.806	87.102
%	9,14	5,98	4,27	21,31	2,49	1,06	0,09	3,23
Efecto total	419.256	270.179	222.511	911.945	383.608	164.926	198.577	747.111
%	23,48	12,25	8,99	51,06	14,25	5,36	6,13	27,74

FONTE: Elaboración propia.

Durante o período 1980/1993 –véxase Escribá e Murgui (1998)– Galicia experimentou unha taxa de crecemento da PTF (1,77%) superior á media nacional (1,41%), onde a agricultura (4,26%) é o único sector cun incremento superior ó termo medio nacional (3,90%). A explicación deste comportamento atópase en que o crecemento da produción agraria galega se apoia fundamentalmente no incremento da PTF, dado que o factor traballo contribuíu negativamente e o capital influíu nun sentido só lixeiramente positivo. Polo demais, o sector industrial –a pesar dun intenso proceso de capitalización, superior ó español– non puido compensalo efecto negativo do emprego e sobre todo do modesto incremento da PTF. Ademais, o sector de servizos privados productivos viuse afectado negativamente pola PTF e positivamente polos factores traballo e capital, aínda que non suficientemente.

Pódese observar tamén que a disparidade na produtividade aparente do traballo en Galicia se debe principalmente á diferenza na PTF e a penas á distinta intensidade capitalista –en contraste co que sucede nos países desenvolvidos–, xa que as máis altas relacións capital/traballo nos sectores agrícola e enerxético e mailos efectos sectoriais negativos pola falta de especialización na industria e nos servizos impiden que exista unha correspondencia entre capitalización e produtividade.

Por outra parte, volvendo de novo á táboa 3, pode verse facilmente que aínda que a produtividade global do traballo de Galicia se aproxima á española, non sucede o mesmo coa de cada un dos sectores, o que é plenamente coincidente, como xa se dixo, coa evolución da PTF. Esa aproximación só se dá na agricultura e a penas na construción. En consecuencia, parece que o cambio estrutural que vén experimentando Galicia está caracterizado moito máis por unha redución do emprego no sector primario do que por unha verdadeira reasignación de factores cara ós sectores e subsectores máis dinámicos da economía, de modo que os sectores de baixo contido tecnolóxico e demanda feble posúen un peso aínda excesivo e gravoso para os procesos de crecemento e converxencia da rexión co resto do país. En realidade, “*el mecanismo que hipotéticamente permitiría mejorar*

realidade, “*el mecanismo que hipotéticamente permitiría mejorar la productividad relativa (expulsión de mano de obra agraria hacia otros sectores con mayor productividad) tuvo, en el caso gallego, escasa relevancia*” (Rocha, Meixide e Pousa, 1996).

6. CONSIDERACIÓNS FINAIS

É evidente que nin os curtos avances na produtividade nin a redución das taxas de actividade e ocupación –resultantes das transformacións estruturais sucedidas na economía galega durante os tres últimos lustros– permiten ser optimistas respecto da aproximación do nivel de desenvolvemento da rexión ás medias española e europea.

A taxa de crecemento da produción rexional debería elevarse por riba da media española para que puidera producirse un proceso de converxencia a longo prazo. Nas condicións actuais, no caso certamente especulativo de que a taxa de crecemento de Galicia puidese medrar de maneira estable e uniforme 0,5 puntos porcentuais por riba da media española, precisaríase aínda case catro decenios para que os niveis de PIB per cápita galego e español se igualaran⁶. Sen dúbida, é unha tarefa de longo prazo que implica a aplicación dunha política económica coherente e tenaz na busca dese obxectivo.

Primeiro, necesítase que o proceso de transformación estrutural actualmente en curso se reoriente nun sentido que permita maiores incrementos de produtividade, facendo que o esforzo investidor se dirixa de especializacións en actividades en decadencia cara a especializacións en actividades de futuro. Isto non quere necesariamente dicir que se deban abandona-los sectores tradicionais senón que estes deben incorporar novas tecnoloxías e man de obra máis cualificada para que poidan renovarse internamente, ser máis productivos e responderlles ás novas esixencias dos mercados. A acumulación de capital debe entenderse, pois, como un proceso creador de novos activos intanxibles, claves para gaña-la batalla da competitividade na hora actual (Sánchez, López, Cervantes e Cañibano, 2000).

Segundo, dada a evolución experimentada pola PTF e como consecuencia do que se acaba de dicir, cómpre intensifica-la dotación dos *stocks* de capital humano e tecnolóxico, que son a base fundamental para eleva-la capacidade e a eficiencia productiva da economía galega.

Terceiro, a mellora da atracción relativa de Galicia fronte ó exterior en infraestructuras, equipamentos, ordenación do territorio, promoción de cidades e calidade

⁶ Supoñendo que r sexa a taxa de crecemento española, $r + 0,005$ será a galega. O PIB de Galicia no ano t será igual ó PIB no ano 1999 (83,14, sendo 100 o PIB de España) $\times (1 + r + 0,005) \exp t$, sendo t o número de anos que Galicia tarda en acadalo PIB español = $100 (1 + r) \exp t$. O número de anos t é facilmente calculable e igual a 39, se se supón que Galicia medrara a un 4,5%, é dicir, se o fíxese en medio punto máis cá taxa de crecemento española de 1985 a 1999 (aproximadamente un 4,0%).

ambiental resulta primordial para que poida ser un lugar de localización de novos e máis numerosos proxectos de investimento.

En definitiva, non hai dúbida de que o capital humano e tecnolóxico, asociado á capacidade empresarial e profesional, que se traduce á súa vez no desenvolvemento de actividades máis dinámicas e de maior valor engadido, constitúen –como tantas veces se dixo– as claves do futuro de Galicia. O escaso nivel de formación e cualificación da forza de traballo, xunto ó baixo nivel de gastos en I+D e ó infra-desenvolvemento dos servizos e das actividades industriais adaptadas ás novas esixencias dos mercados, son puntos febles que cómpre superar para que Galicia poida situarse ante o novo século nunha senda de crecemento que a conduza cara ós niveis de benestar das rexións máis prósperas.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCAIDE, J.; ALCAIDE, P. (2000): “El crecimiento económico de las autonomías españolas en 1989”, *Cuadernos de Información Económica*, núm. 155, pp. 1-50.
- COLINO, J.; RODRÍGUEZ, M. (1996): “Reestructuración agraria y ganancias de productividad”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas. Galicia*, pp. 107-116.
- DA ROCHA; MEIXIDE, A.; POUSA, M. (1996): “Ciclos, crecimiento y convergencia de la economía gallega”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas. Galicia*, pp. 17-33.
- ESCRIBÁ, F.J.; MURGUI, M.J. (1998): *La productividad de los factores entre sectores y regiones en la economía española (1980-1993)*. (Documento de Trabajo D-98005). Ministerio de Economía y Hacienda, Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria.
- FUENTE, A. DE LA (1996): “Capital público y productividad: un panorama de la evidencia empírica”, *Información Comercial Española*, núm. 757, pp. 25-40.
- FUNCAS (1985-1997): *Serie enlazada del producto y la renta de las autonomías españolas*. Madrid.
- GARCÍA, A. (1996): “El proceso de terciarización de la economía de Galicia”, *Papeles de Economía Española. Economía das Comunidades Autónomas. Galicia*, pp. 249-261.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (1996): “La dinámica reciente del sector agrario. Balance de una década de integración comunitaria”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas. Galicia*, pp. 117-129.
- MEIXIDE, A.; POUSA, M. (1999): “La economía de Galicia en 1998”, *Cuadernos de Información Económica*, núm. 147, pp. 105-111.
- SÁNCHEZ, P.; LÓPEZ, A.; CERVANTES, M.; CAÑIBANO, C. (2000): “El capital humano en la nueva sociedad del conocimiento. Su papel en el Sistema Nacional de Investigación”, *VI Premio do Círculo de Empresarios*. Madrid: Círculo de Empresarios.
- SYRQUIN, M. (1984): “Resource Reallocation and Productivity Growth”, en M. Syrquin: *Economic Structure and Performance*, pp. 75-101. Academic Press.
- VILAS, M. (1996): “La construcción. Una perspectiva general”, *Papeles de Economía Española. Economía de las Comunidades Autónomas. Galicia*, pp. 219-229.